

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de xaneiro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández (incorpórase no punto nº 35)
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vintecinco minutos do día dazaseis de xaneiro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(25).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión nove de xaneiro de dous mil seis. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(26).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 158/2005 INTERPOSTO POR Dª AMELIA ALVAREZ POUSA CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL ESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE REPONSABILIDADE PATROMONIAL POR DANOS. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 23.11.05 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por AMELIA POUSA contra Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 31 de xaneiro de 2005 recaído no expte. 14120/240 sobre responsabilidade patrimonial do Concello de Vigo polo que se acorda “estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Amelia Álvarez Pousa e indemnizala coa cantidade de 3.756,64 Euros”; resolución que anulo, ao entendela contraria a dereito; condenando á Administración demandada a aboar ao actor a suma de 11.858,32 €, polos danos e perdas irrogados á mesma, cantidade da que haberá de descontarse os 3.756,64 € que a actora xa recoñece como abonados en data 22 de xuño de 2005. Todo iso cos xuros legais dende a data de reclamación en vía administrativa, para cuxo cómputo haberá de terse en conta o pago xa realizado.

Igualmente condeno á aseguradora MUSINI S.A. a aboar á actora solidariamente coa Administración demandada a suma de 8.853,26 €, polos danos e prexuízos irrogados a aquela, máis os xuros do 20% anual que devengue dita cantidade, dende a data do sinistro, debendose ter igualmente en conta o pago xa realizado pola Administración demandada, na parte que afecte a dita aseguradora. Sen condea en custas.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio e Contratación e á compañía aseguradora.

3(27).-SENTENZA DO X. DE INSTRUCCIÓN Nº 2 DE VIGO NO XUÍZO DE FALTAS Nº 430/2005, DENUNCIANDO Dª GABRIELA VÁZQUEZ SÁNCHEZ AO CONCELLO DE VIGO COMO RESPONSABLE CIVIL POR LESIÓNS SUFRIDAS POLA SÚA FILLA POLOS FOGOS PIROTÉCNICOS NA CABALGATA DE REIS 2005. NON DECLARA EXISTENCIA DE INFRACCIÓN PENAL E DEIXA ABERTA A VÍA CIVIL.

Dáse conta da sentenza de data 30 de novembro de 2005 dictada polo Xulgado de Instrucción nº2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Que debo declarar e declaro a libre absolución do denunciado Francisco González Lameiro, ao non resultar acreditada unha imprudencia penal para considerar a asistencia de falta de lesións imprudentes que se lle imputa, e en consecuencia a non declaración de responsabilidade no ámbito civil respecto á entidade MUSINI S.A., de Seguros e Reaseguros, Pirotecnia “La Gallega” S.L., e o Excmo. Concello de Vigo.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

4(28).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 71/2005 INTERPOSTO POR MARGARITA GONZÁLEZ ABALDE CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL ESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE REPONSABILIDADE PATROMONIAL POR DANOS. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 13 de decembro de 2005 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto por Margarita González Abalde contra acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 31 de xaneiro de 2005 recaído no expte 14549/240 sobre responsabilidade patrimonial do Concello de Vigo polo que se acorda “Desestimar a reclamación de Dna. Margarita González Abalde por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos por non estar aprobado o nexo de casualidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”, resolución que anulo, o entendela contraria á actora a suma de 1.456,23 €, polos danos e perdas irrogados á mesma; todo iso cos xuros legais dende a data de reclamación en vía administrativa. Sen condena en custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio e Contratación e indagar as causas que provocaron o mal estado da rúa a fin de repetir, no seu caso, contra a concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento municipal de augas.

5(29).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 49/2005 INTERPOSTO POR D. EMILIANO VOCES DE ONAÍNDI CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL ESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE REPONSABILIDADE PATROMONIAL POR DANOS. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 29.11.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra acordo da Xunta de Goberno Local do 13.12.04 pola que se resolve a reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial formulada polo recorrente fronte á Admministración municipal polos danos e perdas sufridos ao tropezar cunha baldosa anormalmente alzada, acordando indemnizalo por importe de 1.736 €. A sentenza falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Emiliano Voces de Onaindi fronte o Concello de Vigo contra a resolución enriba indicada que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio e Contratación.

6(30).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 344/2005 INTERPOSTO POR D. JOSE FARO DOMÍNGUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 30.11.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por José Faro Domínguez, contra desestimación presunta polo Concello de Vigo, da reclamación patrimonial efectuada polo actor en data 23 de marzo de 2005, no expte nº546/243-05, por razón dos danos sufridos o 20 de outubro de 2004 polo seu vehículo Peugeot PO-6843-AZ, o ser colisionado por un contedor de basura desprazado polo vento na Praza da Industria desta cidade; resolución que anulo, ao entendela contraria a dereito, condenando á Administración demandada a satisfacer ao actor a cantidade de 208,81 €, polos danos sufridos. Todo iso cos xuros legais dende a data da reclamación en vía administrativa. Sen custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio e Contratación para repetir contra a concesionaria de recollida do lixo.

7(31).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 177/2005 INTERPOSTO POR D. GENARO GONZALEZ FERNANDEZ CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA IMPOSICIÓN DE SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 15.11.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de GENARO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ fronte ao Concello de Vigo contra resolución arriba iniciada, que se declara contraria a Dereito e deixa sen efecto, con imposición das custas da Administración demandada.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o Departamento de Seguridade Circulación e Transportes.

8(32).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 215/2005 INTERPOSTO POR JAMES JOYCE'S INSTITUTE S.L. CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA IMPOSICIÓN DE SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 15.11.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de James Joyce's Institute interposto fronte ao Concello de Vigo, contra a resolución do Conselleiro de Seguridade do Concello de Vigo de data 07.04.2005 desestimatoria do recurso de reposición formulado pola entidade recurrente fronte á resolución sancionadora de data 10.02.2005 pola que se impoñía unha multa de 300 € pola infracción do artigo 72.3 LSV por falta de identificación do conductor do seu vehículo, que se declara contraria a Dereito e deixa sen efecto, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o Departamento Municipal de Seguridade, Circulación e Transporte.

9(33).-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/5564/02 INTERPOSTO POR D. VICENTE FERNÁNDEZ DORADO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de 28.07.05 data dictada pola sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. VICENTE FERNÁNDEZ DORADO contra a desestimación por silencio do Concello de Vigo da reclamación formulada polo recorrente en concepto de responsabilidade patrimonial. Anulamos dita resolución por ser contraria a Dereito, recoñecendo o dereito do recorrente a ser indemnizado en 1352,28 €, máis os xuros legais de tal cantidade dende a data da súa reclamación; sen facer imposición en materia das custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o Departamento de Patrimonio.

10(34).-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4728/02 INTERPOSTO POR D. ARMANDO BUGALLO GARCÍA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 07.09.05 dictada pola sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Acollémos o o recurso contencioso-administrativo do procurador Sr. Puga Gómez no nome de D. Armando Bugallo García contra a desestimación por silencio por parte do Concello de Vigo da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada o 18.06.2001, anulando por ser contrario a dereito e condenando ao Concello de Vigo a indemnizalo coa cantidade de 706,64 €, mailos xuros percibidos dende a reclamación en vía administrativa. Non se fai declaración das custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio.

11(35).-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4083/02 INTERPOSTO POR D. EUGENIO DEL RÍO IGLESIAS CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECURSO DE REPOSICIÓN SOBRE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL . ESTIMADO EN PARTE.

Dáse conta da sentenza de data 07.09.05 dictada pola sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que procede a estimar en parte o recurso contencioso-administrativo interposto pola procuradora D^a Beatriz Castro Álvarez en representación de D. Eugenio del Río Iglesias fronte as resolucións a que se refire o fundamento xurídico primeiro que declaraban a inadmisibilidade da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Eugenio del Río Iglesias, que anulamos declarando procedente a retroacción de actuacións no momento inmediato anterior o dictado da resolución de 27 de xullo de 2001 que se anula, para que o Concello de Vigo, continuando o procedemento nos termos que resulten procedentes, o conclúa cunha resolución axustada a Dereito que resolva a petición de responsabilidade patrimonial que constitúe o seu obxecto; non procede pronunciamento sobre custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio.

12(36).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NO R.C.A. Nº 201/2005 INTERPOSTO POR D^a ALICIA SALGADO RODRÍGUEZ CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL PARCIALMENTE ESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 15.11.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que estimando o presente recurso contencioso-administrativo núm.: PA 201/05 interposto pola representación procesual de ALICIA SALGADO RODRÍGUEZ fronte ao CONCELLO DE VIGO contra a desestimación parcial da súa reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial, que se declara contraria a Dereito, coa conseguinte condena á Administración demandada a aboarlle á actora a cantidade de 2.898,10 €, máis os xuros legais dende a data da reclamación, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o Departamento de Patrimonio.

13(37).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 199/2005 INTERPOSTO POR D. JOSE ANTONIO BELLO VÁZQUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECURSO REPOSICIÓN CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO.ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 15.11.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución do concelleiro delegado de Seguridade do Concello de Vigo confirmatoria da resolución recaída no expediente nº 1040987175 pola que se impón unha multa de 302 € por infracción do artigo nº 50.1.RGC por “superar en máis de 30 km/h. o límite de velocidade máximo, rebasando un 50% dito límite”. A sentenza falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de José Antonio Bello Vázquez, seguido como proceso abreviado número 199/05, fronte o Concello de Vigo, contra a resolución enriba indicada, que se declara nula, e deixa sen efecto, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Seguridade, Circulación e Transporte.

14(38).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 141/2005 INTERPOSTO POR D. DIEGO PENA RODRÍGUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN DE REC. REPOSICIÓN SOBRE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL . ESTIMADO EN PARTE.

Dáse conta da sentenza de data 15.11.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente, o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Diego Pena Rodríguez, contra desestimación presunta (e ulterior desestimación expresa por resolución de 9 de maio de 2005) do recurso de reposición formulado polo recorrente contra a resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de data 13 de decembro de 2004, dictada no expediente de responsabilidade patrimonial num. 15312/240 en que se acorda indemnizar ao recorrente en 1.228 € polas lesións sufridas; resolucións que anulo, ao entendela contrarias a dereito, condenando á Administración demandada a satisfacer ao actor a cantidade de 2.380,95 €, en concepto de días de baixa non impeditivos. Todo iso cos xuros legais dende a data da reclamación en vía administrativa. Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o Departamento de Patrimonio.

15(39).-PROPOSTA PARA CREACIÓN DO REXISTRO TELEMÁTICO DE DOCUMENTACIÓN PARA USO DOS CIDADÁNS REXISTRADOS NA CARPETA DO CIDADÁN. EXPTE. 2313/113.

INFORME

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Informática e Comunicacóns, do 27.06.05, conformado pola delegada de Informática e o secretario xeral, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, preocupado por achegar a Administración os cidadáns a través da Administración Electrónica, vai a poñer en marcha un novo servizo, o Rexistro Telemático de Documentación desde a Web municipal.

Nesta proposta acométese a creación dun Rexistro Telemático que permitirá a presentación de escritos, solicitudes, e comunicacións e que se encargará da xestión dos mesmos, segundo o establecido no punto 9º do artigo 38 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,, modificada pola lei 24/2001, do 27 de decembro de medidas fiscais, administrativas e de orden social, que establece a posibilidade da creación de rexistros telemáticos para a recepción e saída de documentación

Con este servizo, os cidadáns rexistrados na Carpeta do Cidadán, poden realizar o envío de documentación e a presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Vigo a través de Internet, mediante unha conexión segura, na que os datos enviados o Concello viaxan cifrados pola rede, o que fai case imposible que poidan ser lidos antes de chegar o Rexistro Xeral do Concello.

O uso do Rexistro Telemático a través da Carpeta do Cidadán, asegúranos que o cidadán que envía a petición, é quen di ser, pois o identificador de usuario e a clave de acceso a carpeta, foille outorgado de xeito individual e con unha identificación suficiente e previa ante os funcionarios do servizo de Información do Concello, a vez que firmou un documento no que se lle explica o alcance e condicións do acto realizado.

A posta en marcha do Rexistro Telemático de Documentación a través de Internet, é abrir unha pasarela entre o Concello e os cidadáns, as 24 horas do día durante tódolos días do ano, o que facilita de xeito importante que os cidadáns, desde calquer lugar, e en calquer momento, poidan enviar as súas solicitudes o Concello de Vigo, ca mesma validez que si as presentaran persoalmente.

PROPOSTA

A vista do informe realizado polo Xefe do Servizo de Informática e Comunicacóns, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Crear o Rexistro Telemático de Documentación para uso dos cidadáns rexistrados na Carpeta do Cidadán, para que se poidan enviar desde a Web Oficial do Concello de Vigo (www.vigo.org) solicitudes, escritos e comunicacións ó Rexistro Xeral do Concello.

2.- O Rexistro Telemático de Documentación, terá a mesma dependencia orgánica que o Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

3.- Para a presentación de escritos, solicitudes e comunicacións no Rexistro Telemático de Documentación do Concello de Vigo, é necesario estar dado de alta na Carpeta do Cidadán como usuario rexistrado.

4.- Darase a mesma validez ós escritos, solicitudes e comunicacións presentada no Rexistro Telemático de Documentación, que as que se presentan fisicamente no Rexistro Xeral do Concello.

5.- A data e a hora de entrada da documentación presentada no Rexistro Telemático, é a data e hora en que se confirma o envío. Os documento non son entregados o Rexistro Xeral, hasta o día seguinte ó do envío, pero mantendo como data oficial de entrada a do día e hora en que se realizou o proceso dende Internet.

6.- Poderanse presentar solicitudes, escritos e comunicacións tódolos días do ano durante as vinte e catro horas. A efectos de cómputo de prazos, a recepción nun día inhábil para o Concello de Vigo entenderase efectuada as cero horas un minuto do primeiro día hábil seguinte.

7.- Ó formulario de envío poden achegárselle calquera tipo de documentación (Documentos, Imáxenes ou Planos).

8.- Os datos persoais enviados mediante o Rexistro Telemático de Documentación, entran a formar parte do Ficheiro "SOLICITUDES", que cumpre cas normas da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal (15/1999).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(40).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 275/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación por concurso da prestación da asistencia técnica para a execución das cláusulas 2ª, 3ª, 5ª e 8ª do convenio de colaboración coa Dirección Xeral do Catastro, do 11.11.05, asinado pola directora de ingresos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, o prego de cláusulas administrativas do 20.12.05, asinado polo xefe de negociado de Contratación; visto o informe xurídico de 30.12.05, e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 20.12.05, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 876.000 euros/ano para a prestacións do Servicio de Xestión Catastral delegada no Concello de Vigo que se imputará á partida 611.02270602 do presuposto dos anos 2006, 2007 e 2008.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e o prego de condicións técnicas para a prestación do servicio de xestión catastral elegada no Concello de Vigo .

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

17(41).-REVERSIÓN AO CONCELLO DE VIGO DE PARCELA SITA NA AVDA. RAMÓN NIETO Nº 93. EXPTE. 16915/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 5.01.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

En data 7 de novembro de 1952 o Excmo. Concello de Vigo procedeu a cesión gratuita dun terreo da súa propiedade de 1.172, 83 m2 sito na Avenida de Ramón Nieto (na actualidade nº 93) do termo municipal de Vigo, a favor da Delegación Nacional de Sindicatos, cesión condicionada a que o terreo se adicase exclusivamente a Centro de Experimentación para o recoñecemento, tratamento, cubrición e diagnóstico de ganado, establecéndose expresamente na escritura pública de cesión que de non cumprirse o indicado fin o inmovible revertiría ó patrimonio do Concello.

En data 23 de febreiro de 1989 o Ministerio de Traballo e Seguridade Social solicitou a inscrición desta finca como ben patrimonial do Estado.

En data 6 de xuño de 1991 foi adquirida polo Fondo de Garantía Salarial en virtude do título de permuta.

Tras constatare o incumprimento do fin ó que estaba condicionada a cesión esta Administración realizou requerimentos formais de reversión da parcela ó Ministerio de Traballo primeiro (en datas 31 de decembro de 1980 e 4 de novembro de 1982), e posteriormente ó Fondo de Garantía Salarial, sen ter obtido resposta ata o momento, polo que procedería realizar un novo requerimento a este organismo para que proceda a devolución do inmovible.

De acordo co disposto no artigo 111 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais, se os bens cedidos non fosen destiñados ó uso que motivou a cesión ou deixasen de selo posteriormente, considerarásese resolta a cesión e revertirán aqueles á Corporación Local, e a falta de previsión expresa no acordo de cesión entenderase que deberá manterse o seu destiño perante os trinta anos seguintes.

Resulta competente para efectuar o requerimento a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local.

Polo exposto, en exercicio das atribucións que lle confire a lexislación vixente, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Requerir formalmente ó Fondo de Garantía Salarial para que proceda a devolución do terreo de 1.172 m2 sito na rúa Ramón Nieto nº 93 do termo municipal de Vigo, por ter acontecido a causa de reversión de incumprimento do fin ó que estaba condicionada a cesión, establecida na escritura pública de cesión gratuita do Excmo. Concello de Vigo a favor da Delegación Nacional de Sindicatos, de data 7 de novembro de 1952, con apercibimento expreso do exercicio das accións xudiciais procedentes para a recuperación do devandito inmovible no caso contrario”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(42).-PROPOSTA DE ARQUIVO DO PROCEDEMENTO DE DESAFIUZAMENTO ADMINISTRATIVO POR OCUPACIÓN ILÍCITA DO EDIFICIO MONTEMAR SITO NO PARQUE DO CASTRO. EXPTE.17365/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 29.12.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 3 de outubro de 2005, acordou incoar expediente de procedemento de desafuzamento administrativo contra a entidade AFERFI S.A, pola ocupación ilícita do edificio denominado Montemar, situado no Parque municipal do Castro, ó ter vencido a concesión administrativa para a súa reparación e explotación, outorgada por acordo plenario de data 30 de xullo de 1975, a D. Alejandro Fernández Figueroa e na que se subrogou AFERFI, e non dar cumprimento a súa obriga de entrega e posta a disposición deste Concello do mesmo.

Segundo.- En data 16 de decembro de 2005, AFERFI procedeu a entrega e posta a disposición do mencionado edificio á Comisión Municipal nombrada ó efecto, según se reflicte na correspondente acta de toma de posesión.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- A xestión e a administración dos bens e dereitos demaniais polas Administracións Públicas, de acordo co artigo 6 LPAP, se axusta, entre outros, ó principio de exercicio dilixente das prerrogativas cas leis otorgan ás Administracións públicas, garantizando a súa conservación e integridade. Entre estas prerrogativas, os artigos 41.1.d LPAP, 280 LALG e 44.1.d RBEL otorgánlle as entidades locais a potestade de desafuzamento administrativo dos poseedores dos inmobles demaniais, unha vez extinguido o título que amparaba a tenencia. (artigo 58 LPAP)

Segundo.- Co obxeto de recuperar en vía administrativa a posesión do edificio Montemar, ben demanial de esta Administración, e dado que AFERFI carecía de título lexitimador para a súa ocupación por ter vencido o prazo concesional, a Xunta de Goberno Local acordou, en uso das facultades que lle confire o ordeamento xurídico, incoar procedemento de desafuzamento administrativo, de conformidade co disposto na normativa de bens das

Entidades Locais, e de acordo co procedemento regulado no Título II do RBEL. No entanto, habéndose procedido a entrega voluntaria do inmovible por parte da entidade detentadora do mesmo, desapareceu o obxeto do presente procedemento, e por imperativo do artigo 87.2 da LRJAP, que determina a terminación do procedemento por imposibilidade material de continualo por causas sobrevenidas, procede o arquivo do mesmo.

Terceiro.- A competencia para resolver o presente procedemento correspóndelle á Xunta de Goberno Local en aplicación do artigo 127 da LBRL.

Por tódolo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Proceder o arquivo do procedemento de desafuzamento administrativo incoado por resolución de este órgano de data 3 de outubro de 2005, contra a entidade AFERFI S.A, pola ocupación ilícita do edificio denominado Montemar, situado no Parque municipal do Castro, unha vez cumprida a súa obriga de entrega e posta a disposición deste Concello do mesmo, tralo vencemento da concesión administrativa para a reparación e explotación do mesmo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(43).-INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE DESLINDE DA PARCELA MUNICIPAL Nº 000582 SITA EN MACEIRAS-TEIS. EXPTE. 17369/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 29.12.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.*

ANTECEDENTES:

Primeiro.- En data 11 de novembro de 2005, polo Concelleiro-Delegado de Urbanismo remitiuse a esta Unidade de Patrimonio instrucción a fin de proceder á incoación de procedemento de deslinde da parcela municipal nº 000582.

Segundo.- A parcela municipal nº 000582 atopábase perfectamente deslindada en todo o seu perímetro e pechada na colindancia coa finca de D^a Concepción Collazo Martínez. No entanto, iniciado expediente de expropiación para ampliación da rúa Maceiras, e con motivo dos traballos previos vencellados á obra, introduciuse diversa maquinaria na parte non expropiada da finca da Sra. Collazo, derrubándose os postes lindeiros coa devandita parcela municipal colindante.

- FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- A parcela municipal obxeto do presente expediente está situada en Maceiras-Teis, figura inventariada no Inventario Municipal de bens e dereitos no epígrafe 1 de Bens Inmóbles, co nº 000582 e coa calificación xurídica de ben de uso público.

Adquiríuse por expediente de expropiación forzosa para vial, por acordo plenario de data 9 de marzo de 1973, sendo os seus anteriores propietarios Irmans Álvarez Carrera e Luis González Martínez e outra.

Figura inventariada cunha superficie de 1.353, 40 m², aínda que a superficie útil actual é de 850, 65 m², segundo acordo plenario adoptado en sesión de data 8 de febreiro de 1996, relativo á aclaración do ámbito do PAU V-3 Espiñeiro en Teis.

Seus lindeiros son:

- Norte: Herdeiros de Manuel Cobas Núñez.*
- Sur: Herdeiros de Waldino Álvarez Álvarez.*
- Este: Constantino Álvarez e viúva.*
- Oeste: Camiño Pedro Alvarado.*

Segundo.- Entre as facultades que o ordeamento xurídico outorga as entidades locais para a defensa dos seus bens atópase a potestade de deslinde (artigos 4.1.d e 82.b LBRL, 44 RBEL, 280.1.b LALG e 41.1.b LPAP). Así, os artigos 56.1 RBEL, 282 LALG e 50 LPAP establecen a facultade das Corporacións Locais de promover e executar o deslinde entre os bens da súa pertenza e os dos particulares, cuos límites aparecieren imprecisos ou sobre os que existisen indicios de usurpación.

Terceiro.- O deslinde consiste en practicar as operacións técnicas de comprobación e, no seu caso, de rectificación de situacións xurídicas plenamente acreditadas. Ditas operacións terán por obxeto delimitar a finca á que se refiran e declarar provisionalmente a posesión de feito sobre a mesma (artigo 57.1 e 2 RBEL).

Cuarto.- Consonte o artigo 58 RBEL o expediente de deslinde iniciarásese mediante acordo que se tomará previo examen dunha memoria, na que necesariamente terá que facerse referencia ós seguintes extremos: xustificación do deslinde proposto; descrición das fincas, con expresión dos seus lindeiros xerais, dos seus encravados, colindancia, extensión perimetral e superficial e título de propiedade e, no seu caso, certificado de inscrición no Rexistro da Propiedade, e, especialmente, informacións posesorias que, no seu caso, se houberan practicado e actos de recoñecemento referentes á posesión en favor da entidade local dos bens que se trate de deslindar.

Quinto.- Resulta competente para a adopción do presente acordo de incoación de expediente de deslinde a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 f da LBRL.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar, á vista da memoria adxunta ó presente informe conforme existe o artigo 58 RBEL, a incoación dun expediente de deslinde da parcela municipal nº 000582 na súa colindancia coa propiedade de Dª Concepción Collazo Martínez.

2º.- Notificar o presente acordo ós donos das fincas colindantes e, no seu caso, ós titulares de outros dereitos reais constituídos sobre as mesmas, de acordo co disposto no artigo 60 do RBEL.

3º.- Fixar como data das operacións de deslinde o día 9 de maio de 2006.

4º.- Anunciar o deslinde no Boletín Oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, con sesenta días de antelación á data fixada para o inicio das operacións. O anuncio do deslinde deberá conter os datos necesarios para a identificación de cada finca e a data, hora e lugar en que tera comezo (artigo 61 RBEL).

5º.- Dar trámite de audiencia ós propietarios das fincas colindantes coa propiedade municipal nº 000582, a fin de que poidan comparecer na Unidade de Patrimonio e presentar cantos documentos estimen conducentes á proba e defensa dos seus dereitos ata os vinte días anteriores ó comezo das operacións (artigo 62 RBEL)

6º.- Unha vez practicado o deslinde, comunicarllo ó Rexistro da Propiedade, ós efectos oportunos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(44).-RECLAMACIÓN DE MAPFRE MUTUALIDAD DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16028/240. RESPONSABLE CESPA S.A.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local, con data 17.10.2005, resolveu o expediente de reclamación patrimonial nº 16028/240, interposto por Mapfre Mutualidad, a seu propio nome e a nome e representación de Eumegas, S.L. polos danos materiais ocasionados ó vehículo matrícula 3392-BBR, acordando o seguinte:

1º. -Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por MAPFRE MUTUALIDAD, en nome e representación de EUMEGAS, S.L.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Cespa S.A., empresa concesionaria do servizo de conformidade co establecido no corpo do informe, debendo dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 462, 30 euros, correspondentes o importe aboado polo mesmo para reparar o vehículo”.

O xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación, en escrito de 9.01.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, advirte de varios erros na resolución, recollidos na proposta de dito servizo, propoñendo a súa corrección.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co proposta, aproba a corrección de dito acordo, quedando redactada a súa parte dispositiva do seguinte xeito:

1º. -Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por MAPFRE MUTUALIDAD, no seu propio nome e en nome e representación de EUMEGAS, S.L.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Cespa S.A., empresa concesionaria do servizo de conformidade co establecido no corpo do informe, debendo a dita empresa indemnizar ós reclamantes nas contías de 281,40 euros a Mapfre Mutualidad e de 180,90 euros a Eumegas, S.L., correspondentes ó importe aboado para reparar o vehículo”.

21(45).-RECLAMACIÓN DE D^a M^a DEL ROSARIO GARCÍA NAVÍO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16412/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 26.12.05, conformada pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María del Rosario García Navío presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de xullo de 2003, no que expón que o bar Princesa de súa propiedade, que contaba cunha licenza para instalación de terraza, viuse afectado pola realización de obras de instalación para distribución de enerxía eléctrica, que impedían a instalación da devandita terraza na vía pública.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 12/01/2004, no que manifestan que o espazo para o que se concedera a licenza de instalación de terraza, unha superficie de 5 m² diante da fachada do edificio, non foi invadido pola realización das obras; así mesmo que o día 09/08/2003 a zona da praza da Princesa xa estaba libre dos traballos de obra.*
- Parte do servizo da Policía Local, con data 10/07/2003, no que os axentes actuantes manifestan que foron requeridos pola Sra. García no lugar dos feitos, para que deixasen constancia da ocupación da praza polas obras e da súa intención de reclamar os danos e perdas por non poder facer uso da súa licenza de instalación de terraza na praza.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante con data 30/06/2004, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

O primeiro presuposto para poder apreciar a responsabilidade patrimonial desta Administración é a existencia dun dano avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa. No entanto, a Sra. García non especifica nin os danos padecidos nin os cuantifica economicamente.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor do expediente solicitou informe do Servizo de Vías e Obras e reclamou o parte da Policía Local. No entanto, a Sra. García limítase a presentar o escrito de reclamación sen presentar proba ningunha.

Por outra banda as obras eran realizadas por Unión Fenosa, empresa allea a este Concello, o que, no seu caso, impediría vincular os supostos danos ó funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público deste Concello.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María del Rosario García Navío por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade dos danos, ó non resultaren probados nin os danos nin o nexo de causalidade entre os supostos danos e o funcionamento de algún servizo público deste Concello ”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

22(46).-RECLAMACIÓN DE D^a M^a DEL CARMEN MARTÍN HENÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16056/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 23.12.05, do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María del Carmen Martín Hernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 08 de maio de 2003, no que expón que o día 02 de

maio de 2003, ó saír do portal do edificio sito no nº 4 da rúa Arcebisbo Xelmírez, tivo unha caída por introducir un pé nunha focha existente na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de setembro de 2003, no que indican que no lugar do accidente realizárase unha reparación pola empresa Aqualia, a carón dunha tapa de toma de auga.
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, con data 22/12/2003.
- Informe do servizo da Policía Local, con data 29/12/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.116,58 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións con data 20/07/2005.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 13/05/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os

actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que a reclamante non achega ningunha testemuña presencial dos feitos. Achega unha declaración xurada dunha presunta testemuña sobre os feitos, pero a mesma, tras ser convenientemente citada por esta Administración non compareceu a adxurar a súa declaración, polo que esta, ó non poder probarse a súa autenticidade, carece de valor probatorio.

A Sra. Martín límitase a achegar diversos informes médicos que proban que sufriu determinados danos, pero non demostran nin o lugar da caída nin a causa da mesma, polo que a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María del Carmen Martín Hernández por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

23(47).-RECLAMACIÓN DE D. MANUEL PAZOS OTERO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16058/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 23.12.05, do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Manuel Pazos Otero presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de maio de 2003 no que expón que o día 13 de maio de 2002 a vivenda sita na rúa Cambeses nº 40, onde residía coa súa familia, sufriu unha inundación, producíndose danos nunha serie de mobles.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 23/01/2004.*
- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, con data 05/03/2004.*
- *Parte do servizo da Policía Local, con data 13/05/2002, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobamos como os barros procedentes dos destellos realizados para a obra dunha urbanización próxima entraron na vivenda do número 40 da rúa Cambeses; así mesmo, identificamos á empresa Construcciones Crespo como a que realizaba as obras da urbanización.*

- *Práctica de proba testifical, con data 14/09/2004, ás testemuñas propostas polo reclamante.*
- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, con data 22/12/2004.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 22/02/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Durante a instrución do expediente quedou suficientemente probado que o día 13 de maio de 2002, a causa das fortes choivas na vivenda do Sr. Pazos formouse unha capa de 10 cms. de barro. Pola contra, non constan probados os supostos danos materiais producidos polo barro. No Parte do servizo da Policía Local non consta a existencia de mobiliario danado no interior da vivenda e aínda que unha das testemuñas manifesta que os mobles estaban estropeados, non describe os mesmos. Non existe no expediente un dictame pericial que permita coñecer a relación dos enseres danados e o valor dos mesmos. O Sr. Pazos límitase a aportar presupostos nos que consta o valor de reposición de determinados mobles e outros obxectos e algunha factura de compra de libros supostamente danados no sinistro, pero estes documentos non proban dano ningún. Á vista destes datos a informante conclúe que o reclamante non probou a existencia dos danos que reclama polo que falla un dos

presupostos esenciais do instituto da responsabilidade patrimonial: a existencia dun dano avaliábel economicamente.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Manuel Pazos Otero por non resultar probada a existencia dun dano avaliábel economicamente, requisito esencial esixido polo artigo 139 da Lei 30/1992 para poder apreciar a existencia de responsabilidade patrimonial dunha Administración pública”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

24(48).-RECLAMACIÓN DE D^a. JOSEFA CARBALLO ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16363/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 23.12.05, do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna Josefa Carballo Alonso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de xuño de 2003, no que expón que o día 16 de xuño de 2003, mentres camiñaba pola rúa Pi y Margall á altura do número 106, caeu por mor dunhas lousas da beirarrúa que se atopaban soltas, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte da Policía Local, con data 16/06/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, atoparon a Sra. Carballo que presentaba un golpe no cello e outro no brazo dereito. Así mesmo, manifestan que no lugar onde tropezou a requerinte atopábanse dúas lousas da beirarrúa en mal estado.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de outubro de 2003, no que manfiestan que no lugar dos feitos se atopan varias lousas fóra de rasante e outras soltas.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 17/03/2004.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

En escrito de data 16 de xaneiro de 2004 a Sra. Carballo reclama como indemnización de danos e perdas o importe de reposición duns anteollos. No entanto, non consta no expediente dato ningún que probe a rotura de ditos anteollos.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Josefa Carballo Alonso, ó non resultar convenientemente probada a existencia dun dano avaliábel economicamente, tal e como esixe o artigo 139 da Lei 30/1992”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

25(49).-RECLAMACIÓN DE D^a CONSUELO GIL BERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16404/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 23.12.05, do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Consuelo Gil Bernárdez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 03 de xullo de 2003, no que expón que o día 29 de xuño de 2003, mentres camiñaba pola rúa Pescadores, ó xirar á rúa Covadonga, meteu o pé nunha focha onde faltaba o empedrado, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 03/07/2003, que manifestan que o punto onde ocorreu o accidente estivo afectado polas obras de saneamento executadas pola Xunta de Galicia.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 31/10/2003, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 17/02/2004 no que manifestan que a titularidade e mantemento do lugar do accidente da Sra. Gil era competencia do Concello de Vigo.*
- Proba testifical á testemuña proposta pola reclamante, con data 06/10/2004, que confirma os feitos alegados pola Sra. Gil.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 732,71 euros.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, con data 12/01/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o

recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa, máis tal circunstancia non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, consonte a testemuña presencial da caída era ostensíbel, así ó ser preguntada polo instructor se había algún defecto na beirarrúa e a que distancia podía apreciarse manifesta “Sí había algunas baldosas mal y se podía ver sobre unos dos o tres metros”, do que se deduce que era perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulación. Se ademáis temos en conta que a reclamante, á vista dos datos obrantes no expediente, é unha persoa de mediana idade, carente de defectos físicos que lle impedisen detectar a existencia do mencionado obstáculo, e que ademáis vive a escasos metros do lugar onde ocorreu o accidente, podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, impedindo vincular ós danos padecidos o funcionamento do servizo público municipal.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a Consuelo Gil Bernárdez. por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(50).-RECLAMACIÓN DE D^a MARINA DE ALMEIDA PEREIRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16648/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 23.12.05, do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Marina de Almeida Pereira presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de outubro de 2003, no que expón que o día 31 de marzo de 2003, mentres esta camiñaba pola rúa Sanjurjo Badía, caeu por mor dunha focha que había na zona antes habilitada para paso de peóns diante do número 234, producíndose danos de diversa índole.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 10/11/2003, no que manifestan que a empresa Construcciones Crespo S.A. fora contratada polo Concello de Vigo para realizar traballos de*

pavimentación na rúa Sanjurjo Badía, sendo esta empresa responsábel en manter en perfecto estado de sinalización e tránsito o tramo de obra.

- *Informe da empresa Construcciones Crespo S.A., con data 21/09/2004.*
- *Práctica de proba testifical, con data 02/12/2004, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os feitos alegados pola Sra. de Almeida.*
- *Ditame desestimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, unha vez que non hai informes médicos xustificativos das lesións físicas polas que se reclama.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 18/02/2005.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 08/03/2005, que manifesta que a zona de obras estivo debidamente sinalizada e que o lugar do accidente era evitábel gardando a dilixencia debida.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Á vista da proba testifical practicada perante a instrución do expediente non existe dúbida da realidade da caída da Sra. Almeida e da rotura das lentes que portaba, mais dos presuntos danos persoais que reclama non existe proba ningunha no expediente. A Sra. Almeida só achega unha folla de interconsulta do SERGAS, de data 04-04-2003 na que consta “paciente que presenta traumatismo facial con movilidad frente anterior en piezas dentales

23-22-21-11-12, presenta periodontitis” A periodontitis consiste na infección progresiva e a perda de oso arredor do dente, e entre os seus síntomas está a mobilidade dental, polo que o que a reclamante pretende sexa considerado secuela da caída, en realidade é consecuencia dunha enfermidade preexistente.

O presunto dano prodúcese ó cruzar a beirarrúa por un paso de peóns por mor do mal estado do firme, que fora levantado o día anterior para proceder a un novo asfaltado, por una empresa contratista do Concello, polo tanto, de estimarse a reclamación sería preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado. No entanto, a circunstancia de que o firme estivese irregular non entrañaba un risco especial para os viandantes, xa que non se trataba dun defecto oculto, senón que era perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulación. Así mesmo era evidente o feito de que a zona atopábase en obras, ambas as dúas testemuñas así o recoñecen, e tanto a empresa contratista como o servizo de Vías e Obras deste Concello manifestan que as obras estiveron sinalizadas en todo momento. Á vista destes datos, a informante conclúe que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal impedindo vincular os danos padecidos o funcionamento, normal ou anormal, do servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de Dna. Marina de Almeida Pereira por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non apreciarse a existencia de nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(51).-RECLAMACIÓN DE D^a ROSA MARTÍNEZ BARROS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 37/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 26.12.05, do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Rosa Martínez Barros presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de xaneiro de 2004, no que expón que o día 16 de xaneiro de 2004, mentres camiñaba pola rúa Aragón, á altura do número 6, tivo unha caída ó meter o pé nunha focha, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 16/01/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Martínez relátalles que tivera unha caída na beirarrúa por mor do mal estado da mesma e queixase de dores no pé esquerdo como consecuencia da caída, sendo trasladada por unha ambulancia ó hospital Xeral.

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 28/06/2004, no que manifestan que na data do informe a zona atopábase reparada.
- Proba testifical ás testemuñas propostas pola reclamante, con data 23/02/2005, que corroboran os feitos relatados pola Sra. Martínez.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 740,15 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en 18/05/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa, mais tal circunstancia non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, senón que consonte ó Parte do servizo da Policía Local, faltaban seis lousetas de 20x20 cm, polo que a focha era ostensíbel, dato corroborado polas testemuñas presenciais que ó seren preguntadas polo instrutor se había algún defecto na beirarrúa e a que distancia podía apreciarse manifestan “Las baldosas; levantadas podían verse a unos dos o tres metros; eran cuatro o cinco baldosas las que estaban levantadas” (testemuña nº 1), “Las baldosas rotas; podían verse a cierta distancia” (testemuña nº 2) e “Las baldosas que faltaban; faltaban cuatro o cinco que hacían un buen agujero que podía verse” (testemuña nº 3). Dadas as dimensións da focha esta era perfectamente visíbel en

circunstancias normais de circulación e tránsito, empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulacón. Se ademais temos en conta que a reclamante, á vista dos datos obrantes no expediente, é unha persoa carente de defectos físicos que lle impedisen detectar a existencia do mencionado obstáculo, podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, impedindo vincular os danos padecidos o funcionamento do servizo público municipal.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Rosa Martínez Barros, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(52).-RECLAMACIÓN DE D^a PAULA LLINARES COMESAÑA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15940/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 26.12.05, do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Paula Llinares Comesaña presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 02 de abril de 2003, no que expón que, mentres camiñaba pola rúa Vilagarcía, á altura do número 40, tivo unha caída por mor da existencia de fochas e desniveis na vía, producíndose danos tanto de carácter físico como material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de xuño de 2003, no que indican a posibilidade de que a caída produciuse cando se estaba levando a cabo o fresado e aglomerado da rúa Vilagarcía, no plan de mellora de pavimentos, executado pola empresa Sercoysa Galicia.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 12/05/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Práctica de proba testifical, con data 15/06/2004, a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que confirma os feitos alegados pola Sra. Llinares.*
- Evacúase trámite de audiencia á empresa Sercoysa Galicia, que formula alegacións con data 29/06/2004.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante con data 27/06/2004, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

O dano prodúcese no marco dunha actividade da Administración, aínda que tal actividade é asumida por un contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado. Efectivamente, a caída produciuse cando se estaba levando a cabo o fresado e aglomerado da rúa Vilagarcía, no plan de mellora de pavimentos, executado pola empresa Sercoysa Galicia.

Segundo esta empresa, as obras estiveron perfectamente acotadas e sinalizadas durante a súa execución, extremo que pode comprobarse nas fotografías achegadas pola reclamante, nas que se aprecia a existencia de valos, na beirarrúa e na calzada, estando un dos carrís da vía cortado á circulación e inclusive vese unha apisonadora no mesmo. Podemos concluír á vista destas fotografías que o feito de que a vía atopábase en obras era ostensíbel, polo que a Sra. Llinares, ó circular pola calzada para poder subir o seu neno pequeno ó autobús debeu extremar a súa precaución. Ademáis, o artigo 124.5 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, cando se circula polo arcén ou pola calzada impón a obriga de circular con prudencia, sen entorpecer innecesariamente a circulación, e aproximándose canto sexa posíbel ó bordo exterior daqueles. Á vista destes datos, a informante conclúe que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, co seu defectuoso control da propia deambulación, o que impide vincular os danos padecidos ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público deste Concello.

Por outra banda, a Sra. Llinares reclama como indemnización de danos e perdas, que lle se aboe o importe das facturas de asistencia médica en POVISA, cando no parte presentado consta que foi atendida a través do SERGAS, do que se deduce que non tivo que aboar o importe do servizo recibido. Así mesmo reclama o importe do pantalón que rachou con ocasión da caída, no entanto non presenta factura ningunha do importe do mesmo; e reclama, por último o importe correspondente ás dúas mañás que perdeu de traballo para poder recabar as probas presentadas coa súa reclamación, extremo que tampouco aparece xustificado no expediente.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Paula Llinares Comesaña, por non corresponder a responsabilidade dos danos a este Concello ó non existir relación de causalidade entre os danos padecidos pola Sra. Llinares e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(53).-RECLAMACIÓN DE D. MANUEL VILANOVA DE LUIS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16020/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 23.12.05, do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Manuel Vilanova de Luís presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de abril de 2003, polos danos sufridos no vehículo de súa propiedade, matrícula PO-9631-AM, o día 25 de abril de 2003 cando circulaba co mesmo pola rúa San Vicente e, ó acceder o casco vello, levantouse un dos pivotes existentes para limitar o acceso de vehículos no intre en que pasaba por enriba do mesmo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Seguridade e Circulación viaria, con data 09/10/2003, no que manifestan que non existe demanda de autorización de paso da tarxeta nº 0797 (correspondente á autorización do Sr. Vilanova) na hora e data do accidente, observándose na secuencia fotográfica que non se realiza por parte do reclamante a presentación da tarxeta no dispositivo lector, polo que deducen que o Sr. Vilanova intentou pasar aproveitando a demanda de acceso do vehículo que lle precedía.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante con data 09/09/2004, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

No presente suposto o informe do servizo de Circulación viaria manifesta que consultados os arquivos do sistema informático que xestiona o sistema de accesos o Casco Vello comprobouse que non existe demanda de autorización de paso da tarxeta nº 0797 correspondente o aboador nº 173 (o reclamante) na data e hora do accidente, aínda que si outras no mesmo día a distintas horas, e na secuencia fotográfica pode observarse que o reclamante non presenta a tarxeta ó dispositivo lector, do que se deduce que tentou pasar aproveitando a demanda de acceso do vehículo que lle precede, máis ó pasar este o sistema pecha o acceso e nese momento é cando tenta acceder o Sr. Vilanova, golpeando co seu vehículo o sistema de accesos.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña o instrutor dirixiuse ó departamento responsábel do acceso ó Casco Vello. Do informe solicitado ó devandito departamento dedúcese que os danos prodúcense a causa da negligencia da vítima, que tentou acceder ó Casco Vello de modo incorrecto, extremo que non resulta desvirtuado polo interesado que, ó evacuarlle trámite de audiencia para que formulara as alegacións que tivera por convinte na defensa do seu dereito consonte o establecido polo artigo 84 da Lei 30/1992, non realizou manifestación ningunha nin achegou proba en contrario. Á vista destes datos, podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal impedindo vincular os danos ó funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Manuel Vilanova de Luís por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probada a existencia de relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(54).-RECLAMACIÓN DE D^a. M^a VICTORIA SERRANO GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16018/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 23.12.05, do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. M^a Victoria Serrano González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de abril de 2003, no que expón que o día 13 de decembro de 2002, mentres camiñaba pola praza da Independencia, tivo unha caída por mor da irregularidade da pavimentación, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 16/06/2003, no que indican que a zona do accidente atopábase en perfectas condicións.*
- *Informe do servizo da Policía Local, con data 02/07/2003, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 04/11/2003, no que manifestan que as obras de acondicionamento da praza da Independencia foron realizadas pola U.T.E. Eloymar / Tranvías Eléctricos de Vigo.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 10.515,80 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Eloymar / Tranvías Eléctricos de Vigo, que formula alegacións con data 02/03/2004.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 14/10/2004.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tiveran constancia dos feitos, dado que a reclamante non achega ningunha testemuña presencial dos feitos.

A Sra. Serrano límitase a aportar diversos informes médicos que proban que sufriu determinados danos, pero non demostran nin o lugar da caída nin a causa da mesma, polo que a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. M^a Victoria Serrano González por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(55).-RECLAMACIÓN DE D^a. ROSARIO ALVAREZ RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 13173/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 23.12.05, do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Rosario Álvarez Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 8 de maio de 2000, no que expón que o día 29 de febreiro do mesmo ano, mentres camiñaba pola rúa Coutadas, tivo unha caída ó pisar unha tapa de sumidoiro aparentemente en bo estado á altura do número 175, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 28/07/2000, no que manifestan que o sumidoiro en cuestión é unha tragante da rede de pluviais que se atopaba totalmente obstruído.*
- Práctica de proba testifical, con data 21/11/2000, ás testemuñas propostas pola reclamante.*
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC (antes Seragua), empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, con data 28/06/2001.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 12.546,79 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, con data 20/09/2005, que non formula alegacións.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 25/10/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor do expediente citou as testemuñas propostas pola reclamante para poder corroborar o seu relato dos feitos. Dado que a testemuña acudiu ó lugar dos feitos con posterioridade ó momento de ter acontecido a caída, non presenciou a mesma, polo que non pode dar fe de que a causa da mesma fose a existencia dun sumidoiro en mal estado no lugar, e os partes de asistencia médica achegados ó expediente acreditan que a Sra. Álvarez sufriu determinados danos, pero non demostran en modo ningún nin o feito da caída, nin o lugar da mesma. Á vista destes datos podemos concluír afirmando que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación, e non se acredita a pretendida relación de causalidade entre os danos e o funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público deste Concello.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de Dna. Rosario Álvarez Rodríguez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(56).-RECLAMACIÓN DE D. ENRIQUE CUQUEJO TABOADA SOLICITANDO O ABOAMENTO DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO.EXPTE. 16205/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 10.01.06, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 11 de novembro de 2005 polo traballador municipal don Enrique Cuquejo Taboada, se solicita “que se recoñeza e abone o complemento específico, ou concepto equiparable, ata o límite do 30% da retribución básica, excluídos os conceptos de antigüidade”.

Petición que debe ser desestimada, unha vez axaminados os antecedentes obrantes no seu expediente persoal polos seguintes motivos:

Primeiro.- O traballador municipal don Enrique Cuquejo Taboada como lle foi retirada a percepción do complemento específico en virtude de resolución da alcaldía-presidencia de data 5 de xullo de 2001 que na súa parte dispositiva literalmente resolvía:

“Primeiro.- Que a partires da data, e en execución da meritada resolución plenaria de 28 de xuño de 2001, e de conformidade co disposto na disposición adicional oitava da lei da función pública de Galicia, as retribucións salariais que percibirá o traballador municipal sr. Don Enrique Cuquejo Taboada, configúranse na súa nómina e abonaranse en consecuencia sen a percepción do complemento específico asignado na relación de postos de traballo ó que está adscrito o traballador.

Segundo.- Declaralo arquivo do expediente disciplinario incoado por decreto desta alcaldía en data 10 de maio de 2000, en atención ós antecedentes e fundamentos que se consignan na presente resolución”.

Resolución que lle foi notificada ó interesado con data 29.11.2001. Achégase copia de dita resolución.

Segundo.- Efectivamente en sesión plenaria de 28 de xuño de 2001, a Corporación Municipal adoptou acordo estimando o recurso de reposición que con data 15 de xaneiro de 2001 interpuxo o traballador recorrendo en reposición outro acordo plenario anterior de data 21.12.2000, polo que se lle denegaba a súa solicitude de compatibilidade para o exercicio da profesión privada de farmacéutico.

No apartado “TERCEIRO” de dito recurso de reposición o entón recorrinte renunciaba expresamente a percepción do complemento específico asinado o seu posto de traballo como presuposto para a estimación do seu recurso e consecuente autorización da súa solicitude de compatibilidade; estimación do recurso que se adopta por acordo plenario de 28 de xuño de 2001 no que literalmente acórdase:

“Estimalo recurso formulado por don Enrique Cuquejo Taboada contra o acordo plenario de 21 de decembro de 2000, nos termos expostos polo interesado no seu escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do

Concello de 18 de xaneiro de 2001". Achégase copias do recurso de reposición interposto e do acordo plenario, notificado ó interesado con data 29 de novembro de 2001".

TERCEIRO.- E por elo que a supresión do complemento específico ó traballador, efectuouse en cumprimento e execución do acordo plenario polo que se estima o recurso de reposición nos termos expresados polo interesado renunciando expresamente a percepción de dito complemento; sen que conste nos antecedentes obrantes no expediente do solicitante que este recorreu nin no acordo plenario de data 28 de xuño de 2001, nin a resolución de data 5 de xullo de 2001 dictada en execución de dito acordo e pola que se lle retira a percepción do complemento específico. En consecuencia ambos actos administrativos debeñen firmes e consentidos para o solicitante o no ser recorridos en tempo e forma e aínda cando na súa notificación informábaselle de dita posibilidade.

É competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local de conformidade coas atribucións previstas no artº 127 h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local (segundo redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local).

Por iso, proponse a adopción do seguinte acordo:

"1º.- Desestimar a petición do traballador municipal don Enrique Cuquejo Taboada de fecha de entrada no Rexistro Xeral do Concello 11 de novembro de 2005 de que se recoñeza e abone o complemento específico equiparable en base ós motivos anteriormente expostos.

2.-.- Dar trasladado ó interesado do presente acordo, informándolle que pon fin a vía administrativa e contra o que poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante ó órgano que o adoptou no prazo dun mes, ou recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados dende o día seguinte da recepción da notificación do presente acordo. O recurso de reposición entenderase desestimado se transcorre un mes sen ser resolto".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(57).-RECOÑECIMENTO DE GRAO PERSOAL Á TÉCNICA DE ADMÓN. XERAL Dª MARÍA DAPENA GÓMEZ. EXPTE. 16206/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 11.01.06, que di o seguinte:

Con data 2 de xaneiro de 2006, a técnica de administración xeral deste Concello, en situación de servizo activo, Dª María Dapena Gómez, nº persoal 79369, presenta escrito solicitando o recoñecemento do grao persoal correspondente ao complemento de destino nivel 26 (doc. núm. 60000129).

FUNDAMENTOS LEGAIS.

De conformidade co disposto no artigo 70.2 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da civís da Administración xeral do Estado, de aplicación supletoria aos funcionarios da administración local, en virtude do disposto no artigo 1.3 do referido regulamento, "todos os funcionarios de carreira adquirirán un grao persoal,

polo desempeño dun ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción, con excepción do disposto no apartado 6 deste artigo, calquera que fose o sistema de provisión. Nembargantes o disposto no parágrafo anterior, os funcionarios que obteñan un posto de traballo superior en máis de dous niveis ó correspondente ó seu grao persoal, consolidarán cada dous anos de servicios continuados o grao superior en dous niveis ó que posuise, sen que en ningún caso poidan superar o correspondente ó do posto desempeñado, nin ó intervalo de niveis correspondente ó seu corpo ou escala “ .

Os funcionarios consolidarán necesariamente como grao persoal inicial o correspondente ó posto de traballo adxudicado tra-la superación do proceso selectivo, agás que con carácter voluntario pasen a desempeñar un posto de nivel inferior, caso no que consolidarán o correspondente a este último. “

Pola súa banda, o Pleno do Concello, en sesión ordinaria de 02-03-98, estableceu os criterios para asignación do grao persoal, segundo o cal os funcionarios que continuen desempeñando mediante adscripción provisional un posto de traballo que non fose convocado polo procedemento regulamentario bastaralles co desempeño provisorio do posto para consolidación do seu grao persoal.

A interesada, tomou posesión da súa praza de técnico de administración xeral o 2 de xaneiro de 2004, polo que leva dous anos continuados desenvolvendo o posto de traballo núm. 46-Técnico de Administración Xeral, que ten asignado o nivel 26 de CD.

Por todo o exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Recoñecer a técnica de administración xeral deste concello, en situación de servizo activo, D^a María Dapena Gómez, DNI 44.082.555-L e nº de persoal 79369, o grao persoal correspondente ó nivel 26 de complemento de destino, consonte ó informe proposta precedente e que forma parte integrante deste acordo“.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta acorda:

Recoñecer a técnica de administración xeral deste Concello, en situación de servizo activo, D^a María Dapena Gómez, DNI 44.082.555-L e nº de persoal 79369, o grao persoal correspondente ao nivel 26 de complemento de destino.

34(58).-CREACIÓN DA UNIDADE DE APOIO AO CONSORCIO DO CASCO VELLO. EXPTE. 16189/220.

A Xunta de Goberno local retira o expediente para un mellor estudo.

NESTE INTRE INCORPÓRASE Á REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. GUERRA FERNÁNDEZ

35(59).-ASISTENCIA INSTITUCIONAL DA CONCELLERÍA DE TURISMO A DIVERSAS FEIRAS. EXPTE. 1883/104.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 5.01.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento local, Turismo e Comercio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Autoriza-la asistencia da Concellería de Turismo a:

BOOT de Düsseldorf, que se celebrará do 21 ó 29 de xaneiro de 2006

BTL de Lisboa, que terá lugar do 18 ó 22 de xaneiro de 2006

FITUR 2005, que se celebra do 25 ó 29 de xaneiro de 2006

BIT de Milán, do 18 ó 21 de febreiro de 2006

ITB de Berlín, do 8 ó 12 de marzo de 2006

Salón do Emprendedor do Atlántico, do 27 ó 29 de xaneiro en Cotogrande

Campionato do Mundo de Saltos, do 10 ó 12 de febreiro en Cotogrande

Vigo Náutica Internacional, do 2 ó 5 de marzo en Cotogrande

2º Autorizar a seguinte relación de gastos con cargo ó presuposto prorrogado para o ano 2006, que se derivan da participación de Vigo nos oito evento:

<ul style="list-style-type: none">o Total reunións e conferencias, con cargo á partida 7510 22 60 600 (reunions e conferencias) do presuposto prorrogado para o ano 2006o	50.300 euros
<ul style="list-style-type: none">o Atencions protocolarias e representativas, con cargo a partida 7510 02260100 do presuposto prorrogado para o ano 2006	6.000 euros
<ul style="list-style-type: none">o Gastos de locomoción de asistencia a feiras, con cargo á partida 7510 2310000, do presuposto prorrogado para o ano 2006	8.000 euros
<ul style="list-style-type: none">o Dietas, con cargo á partida 7510 2300000, do presuposto prorrogado para o ano 2006-	3.800 euros

o Dietas do persoal, con cargo á partida 7510 2300100, do presuposto prorrogado para o ano 2006

3.400 euros

o Gastos de transporte do material promocional, con cargo a partida 7510 2230000 (transporte a feiras), do presuposto prorrogado para o ano 2006

5.000 euros

3º.- Que os gastos de locomoción e dietas devengados da participación nos devanditos eventos, non quedarán suxeitos ó previsto no Real Decreto 236/88 e que serán sufragados na súa totalidade con cargo ós presupostos municipais, previa acreditación dos mesmos.

4º.- Que en consecuencia, se libre a xustificar a nome de D. Carlos Soto Álvarez, con DNI nº 35.966.988-W a cantidade de 76.500 euros, que deberán ser ingresados na conta habilitada do Departamento de Turismo nº 2080 0000780040246105”.

36(60).-PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA ÁREA DE REPARTO 2, DO PERI IV-01 SAN ROQUE A. EXPTE. 4553/401.

Este expediente incluíuse por erro na orde do día. Foi tratado na do 9 de xaneiro de 2006.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

37(61).-DECLARAR DESERTO O CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RETIRADA, INMOBILIZACIÓN, DEPÓSITO E XESITÓN DE COBRO DOS VEHÍCULOS INDEBIDAMENTE ESTACIONADOS NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 70443/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordoco informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 13.01.06, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar deserto o concurso para a contratación da concesión administrativa da xestión do servizo público de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobro dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública por seren desestimadas as ofertas presentadas polos motivos que figuran na acta da mesa de contratación celebrada o día 11.01.2006.

2º.- Proceder a contratación por procedemento negociado do servizo público de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobro dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado do servizo público de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobro dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública, mantendose na súa integridade o prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 21.03.2005.

4º.- Solicitar ofertas polo menos a tres empresarios capacitados para a execución do contrato, entre os que estarán os licitadores que presentaron ofertas o concurso que se ven de declarar deserto.

38(62).-PROXECTO COMPLEMENTARIO DOS PROXECTOS DE HUMANIZACIÓN DAS RÚAS URUGUAY (FASES 1 E 2) E COLÓN (ENTRE POLICARPO SANZ E URUGUAY) NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 153/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 12.01.05, conformado polo concelleiro de Servizos Xerais, que di o seguinte:

O proxecto “COMPLEMENTARIO DOS PROXECTOS DE HUMANIZACIÓN DAS RÚAS URUGUAI (FASES 1 E 2) E COLÓN (ENTRE POLICARPO SANZ E URUGUAI)”, foi redactado pola Enxeñería Planes Estratégicos Territoriais de Transportes y Ambientais, PETTRA, e susbcrito polo Enxeñeiro de Camiños Canales e Portos Don Santiago López Fontán en decembro de 2005.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a humanización das rúas, asimilando os acabados e alineacións ao contemplado no Plan de Reordenación do Entorno.

O presuposto líquido de execución por contrata do proxecto Complementario ascende a cantidade de 186.409,11 euros, (CENTO OITENTA Y SEIS MIL CATROCIENTOS NOVE EUROS CON ONCE CENTIMOS), o que supón un incremento do 19,99 % en relación co importe de adxudicación.

O proxecto incúe o correspondente Estudio de Seguridade e Saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Tendo en conta o informe do Enxeñeiro Técnico da Oficina de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e dado que o proxecto cumpre con todas as exigencias legais faise á Xunta de Goberno Local, a seguinte:

PROPOSTA

Aprobar o proxecto “COMPLEMENTARIO DOS PROXECTOS DE HUMANIZACIÓN DAS RÚAS URUGUAI (FASES 1 E 2) E COLÓN (ENTRE POLICARPO SANZ E URUGUAI” cun presuposto líquido de execución por contrata de 186.409,11 euros (CENTO OITENTA Y SEIS MIL CATROCIENTOS NOVE EUROS CON ONCE CENTIMOS).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

39(63).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e cuarenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez

